

17:15 h. **CONCURSO DE ANDADURA GALEGA (-1.51 mtos e +1.51 mtos) NO RECINTO DA GRANXA**, na modalidade de **CHAPEADA (catro tempos)**. Os que desexen participar deben chamar o 656 28 64 47, peche de inscricións o 13 de outubro. Coa colaboración de "Asociación de Criadores do Cabalo Marchador Galego"

Premios: 1º- 100€; 2º- 80€; 3º- 60€; 4º- 40€ para cada modalidade.

19:00 h. Misa solemne, presidida polo Excmo. Sr. Bispo da Diocese Mondoñedo-Ferrol, D. Fernando García Cadifanós, no aniversario da **DEDICACIÓN da S.I. CATEDRAL B. de Mondoñedo (1243)**.

19:30h Sesión de tarde/Verbena na Alameda coas orquestras **COSTA DORADA** e **GRAN PARADA**.

21:00 h. **ESPECTÁCULO DE DOMA NOCTURNA**.

O mestre internacional da doma, **Miron Bococci**, fará vibrar Mondoñedo cun espectáculo ecuestre único. Nun escenario incomparable como é a Praza da Catedral, combinará a súa arte coa maxia das luces e o poder do son, creando unha experiencia inesquecible. Contaremos con zona de bancadas, prezo asento/persoa: 10,00 €. Venda de tickets na Oficina de Turismo.

LUNS, 20 DE OUTUBRO | DIA DAS MAULAS

DÍA D@ NEN@ NO CAMPO DA ALAMEDA

14:00 h. Sesión Vermú na Alameda coa orquestra **LOS KEY**.

19:30 h. **ESPECTACULO DE MAXIA** co mago **David Méndez** no Auditorio Municipal Pascual Veiga. Entrada de balde. Para todos os públicos.

21:30 h. Festa Verbena na Alameda coa orquestra **LOS KEY**.


Contaremos con **ZONA DE BAÑOS PÚBLICOS** en diferentes localizacións da cidade.

Tamén dispoñeremos do **TREN SANLUQUEIRO**, como servizo turístico e de mobilidade accesible, facilitando os desprazamentos polos principais puntos da cidade. Consulta no mapa cal é a súa ruta e as paradas.

Non esquezas seguirmos en facebook:
asociación as san lucas de mondoñedo



www.assanlucas.es



PARADAS DO TREN SANLUQUEIRO: 1- Estación de bus, 2- Avda. Bos Aires, 3- Os Muíños, 4- Rotonda da gasolinera, 5- Campo da Festa. Días dispoñible; 17, 18 e 19 en horario de 11:00 h. a 21:30 h., con percorrido cada 30 min.

A Comisión de "As San Lucas 2025",
agradece a súa colaboración e deséxalles
Boas Feiras e Festas!

ORGANIZAN



ASOCIACIÓN
AS SAN LUCAS
MONDOÑEDO



Concello de
Mondoñedo

COLABORAN



XUNTA
DE GALICIA

galicia



DEPUTACIÓN
DE LUGO

//ABANCA



ROF CODINA

HOSPITAL VETERINARIO UNIVERSITARIO



CABILDO CATEDRAL

Imp. Suc de Mancebo - Junor S. L.

AS SAN LUCAS-2025

MONDOÑEDO-16 AO 20-X



XOVES, 16 DE OUTUBRO

13:00 h. Disparo de potentes bombas e volteo das campas maiores de S.I. Catedral B. anunciando o comezo das Feiras e Festas **AS SAN LUCAS 2025**.

14:00 h. **XANTAR BAILE** no Pavillón Municipal de Deportes para a xente inscrita na Xuntanza da Terceira Idade, con actuación musical.

17:00 h. **XOGOS POPULARES** para os máis cativ@s. Na Praza D. Jaime Cabot.

20:30 h. Recepción no Concello do pegoiro e autoridades. De seguido, a comitiva e a carroza d@s **Sanluqueir@s**, acompañados polos cabezudos e xigantes, dirixíranse cara ao Auditorio Municipal Pascual Veiga, onde terá lugar o **PREGÓN DAS FESTAS**. O Grupo de Gaitas **"CARRICANTOS"** acompañará a comitiva.

21:00 h. **PREGÓN** a cargo de **D. CARLOS FOLGUEIRA**, continuador do legado do "Rei das Tartas" e embaixador dun doce que une a xente co corazón de Mondoñedo. Como remate, actuación do **CORO MESTRE PACHECO** da Escola Municipal de Música "O Pallarego" de Mondoñedo.

22:00 h. Festa Verbena na Alameda coa orquestra **LA FÓRMULA**.

VENRES, 17 DE OUTUBRO | DÍA DAS VÉSPERAS

11:00 h. **ROTEIRO** polas rúas engalanadas con cartéis de **XOSÉ VIZOSO**. Saída dende Os Muíños.

11:45 h. Mesa redonda **"EVOCANDO A X. VIZOSO"**, no Auditorio Municipal Pascual Veiga.

12:45 h. Presentación do libro: **"XOSÉ VIZOSO. SEMPRE COAS SAN LUCAS"**. Entregarase un exemplar a cada asistente, no Auditorio Municipal Pascual Veiga.

13:15 h. Inauguración da exposición **"XOSÉ VIZOSO. O NENO QUE DEBUXOU UN CABALO"**. No Auditorio Municipal Pascual Veiga.

14:00 h. Sesión Vermú na Alameda co **DÚO BELINDA**.

17:30 h. Seguindo a tradición, **AS RÚAS DE MONDOÑEDO ENCHENSE DE VIDA COA CHEGADA DOS CABALOS CARA Á FEIRA**, retransmisión e información a través dunha pantalla xigante situada na Praza da Catedral. Onde contaremos cunha zona de bancadas. Prezo por asento/persoa 10,00 €. Punto de venda na Oficina de Turismo. @s gandeir@s xuntan os cabalos, descendentes daqueles que xa montaban os celts, celbos nos montes da comarca, e levanos a feira. Como dicía Cunqueiro "A agua nai montada por un xinete, detrás os poldros fillos do vento coas greas ao ar", con paso firme e orgullo@s atravesan a Praza da Catedral e percorren as rúas cara á feira, mantendo viva unha tradición que latexa dende 1156.

18:45 h. **PASO DOS CABALOS POLA PRAZA DA CATEDRAL**. Lugares preferentes para ver o espectáculo en directo: Os Muíños, Rúa San Roque, Fonte Vella, **Praza da Catedral**, diante do Auditorio Municipal Pascual Veiga e chegada ao Campo da Feira.

22:00 h. Festa verbena na Alameda coas orquestras **TEKILA** e **WAYKAS**.

22:30 h. **CONCERTO EFECTO MARIPOSA**, no seu XXV aniversario, acompañados por **GRANDEOSSO**. Na Praza do Seminario, Entrada de Balde.

Contaremos con **ZONA DE BANCADAS** na **PRAZA DA CATEDRAL** para a **BAIXADA TRADICIONAL** e os espectáculos de **DOMA NOCTURNA**. Venta de tickets na Oficina de Turismo, dende o 6 de Outubro.

NON SE ACEPTARÁN RESERVAS TELEFÓNICAS

SÁBADO, 18 DE OUTUBRO | DÍA DAS SAN LUCAS

08:00 h. **"GRAN FEIRA TRADICIONAL DE GANDO CABALAR AS SAN LUCAS"**. Campo da Feira.

11:15 h. Ruada a cargo do Grupo de Gaitas **"SOUTO XIMARO"** na compañía d@s Sanluqueir@s e cabezudos.

11:00 h. No Santuario dos Remedios, ó lado do Campo da Feira, **misa na honra de San Lucas**, cantada polo Coro Mindoniense. Presidida polo Excmo. Sr. Bispo da Diocese Mondoñedo-Ferrol, D. Fernando García Cadiñanos.

12:00 h. Recepción oficial no Concello á Corporación de Ferrol, acto de Irmandade.

13:30 h. **ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE GANDO** no Campo da Feira.

14:00 h. Sesión Vermú na Alameda coa orquestra **SALSARENA**.

16:15 h. Ruada a cargo do Grupo de Gaitas **"SOUTO XIMARO"**.

16:30h. **IV CONCURSO DE ANDADURA CABALO MARCHADOR GALEGO**, nas modalidades **SERRADA** (dous tempos), **CHAPEADA** (catro tempos) e **POLDROS CMG**. Os que desexen participar deben inscribirse no 656 28 64 47, peche de inscricións o 13 de outubro. Premios: 1º- 100€; 2º- 80€; 3º- 60€; 4º- 40€ para cada modalidade. Coa colaboración de "Asociación de criadores do cabalo marchador galego". No recinto da Granxa.

17:00 h. **SAÍDA DOS CABALOS DENDE O CAMPO DA FEIRA CARA O MONTE**.

Lugares preferentes para ver o espectáculo en directo: Campo da Feira, diante do Auditorio Municipal Pascual Veiga, Fonte Vella, Rúa San Roque e Os Muíños.

18:00 h. Espectáculo Mircromina Titeres. **"PEIXE FRESCO DO DÍA"**. Na Casa da Xuventude.

18:30 h. Sesión de tarde/Verbenas na Alameda coas orquestras **SALSARENA** e **PRINCIPAL**.

20:00 h. **CONCERTO TUTTO DURAN** no Auditorio Municipal Pascual Veiga, venta de entradas en woutick. Apertura de portas 19:20 h.

21:30 h. **ESPECTÁCULO DE DOMA NOCTURNA**.

O mestre internacional da doma, **Miron Bococci**, fará vibrar Mondoñedo cun espectáculo ecuestre único. Nun escenario incomparable como é a Praza da Catedral, combinará a súa arte coa maxia das luces e o poder do son, creando unha experiencia inesquecible. Contaremos con zona de bancadas, prezo asento/persoa: 10,00 €. Venda de tickets na Oficina de Turismo.

00:30h. Continúa a verbena coa orquestra **SUPER POP**.

DOMINGO, 19 DE OUTUBRO | DÍA DO MEDIO

11:15 h. Ruada a cargo do Grupo de Gaitas **"CARRICANTOS"**.

12:00 h. Apertura da inscrición para o **CONCURSO MORFOLÓXICO DE CABALOS E EGUA DE PURA RAZA GALEGA: "GRAN FINAL DA COPA GALICIA P.R.G."**. Coa colaboración da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. **Tódalas modalidades no recinto da granxa.**

12:00 h. **Homenaxe a Pascual Veiga no Cemiterio Vello**. Irmanamento Asociación As San Lucas / Fundación Pondal e ofrenda floral no Cemiterio Vello.

12:30 h. **CONCURSO MORFOLÓXICO DE CABALOS DE P.R.G., Sección sementais maiores de 3 anos**. Premios: 1º- 120€; 2º- 90€; 3º- 60€; 4º- 30€; máis trofeo.

13:00 h. **EXHIBICIÓN DE DOMA E FUNCIONALIDADE DOS CABALOS DE PURA RAZA GALEGA** do programa FEADER, por xentileza da asociación pura raza cabalo galego, Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura. **No recinto da granxa.**

13:30 h. **CONCURSO MORFOLÓXICO DE CABALOS DE P.R.G., Sección eguas maiores de 3 anos**. Premios: 1º- 120€; 2º- 90€; 3º- 60€; 4º- 30€; máis trofeo.

14:00 h. Sesión Vermú na Alameda coa orquestra **COSTA DORADA**.

15:30 h. **CONCURSO DE ANDADURA GALEGA (+1.51 mts e -1.51 mts) NO RECINTO DA GRANXA, na modalidade de SERRADA (dous tempos)**. Os que desexen participar deben chamar o 656 28 64 47, peche de inscricións o 13 de outubro. Coa colaboración de "Asociación de criadores do cabalo marchador galego".

Premios: 1º- 100€; 2º- 80€; 3º- 60€; 4º- 40€ para cada modalidade.

16:30 h. **ENCANTO FOLCLÓRICO** cos grupos: **Amado Lar**, de O Valadouro e **Amigos da gaita galega**, dende Ribadeo.

17:00 h. **FÚTBOL Mondoñedo F.C. - S.G. Comercial**. No Municipal Viñas da Veiga.